




Algo se mueve
en el turismo
rural gallego

P. 05-06-07

FARO DE VIGO
• Domingo, 8 de julio de 2007



Xosé María Álvarez
Blázquez, cos seus
fillos María Luisa,
Xosé María e Alfonso
Álvarez Caccamo
(Vigo, 1958)

Álvarez Blázquez Retratos de familia

INDICE

P. 05-9 **viajar**

Cintruénigo, villa
del alabastro

P. 10-11 **espacios**

Una apuesta por
la unidad de estilo

P. 12 **salud**

Contagio
por vía sexual

P. 13 **tal como es**

El conductor
gallego

P. 14 **puntas de lanza**

Las joyas
del Atlántico

P. 16 **última**

El manicomio
de Alvite



UN DÍA DE PRAIA. É máis que probable que o autor desta foto nun día de praia en Coruxo (1960) fose o propio Xosé María, porque el non aparece nela. Os que si están son Francisco Del Riego, Álvaro Cunqueiro e o seu fillo César, así como Alfonso, Xosé María e María Luisa Álvarez Cáccamo, Alfonso Álvarez Gándara, Xavier Ferreiro, Nuca Comesaña e María Luisa Cáccamo Friebe (a súa dona).

TEXTO: SALVADOR RODRÍGUEZ
FOTOS: ARQUIVOS FAMILIA ÁLVAREZ CÁCCAMO, FARO DE VIGO E EDITORIAL IR INDO

Hai homes que somentes son lembrados e outros que, por moito que pasen os anos dende que deixaran este mundo, tamén son, e isto por enriba de todo, queridos, porque permanecen vivos nos corazóns de todos os que os trataron. Cando se pregunta por Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985) aos que o coñeron en vida, primeiro recíbese por resposta o recordo da súa persoa (e da súa personalidade), e despois pasan e enumeranse os seus méritos culturais, que abofé que foron moitos, sobrados, tantos que a decisión da Academia Galega de dedicar o Día das Letras do próximo ano 2008 á súa figura e obra foi recibida cun consenso moi pouco habitual nestes casos...E xa non digamos na súa vila natal de Tui, e en Vigo, cidade na que exerceu como Cronista Oficial, e onde, ademais de consenso, a homenaxe e recoñecemento da máis alta institución da nosa lingua causou verdadeiro entusiasmo dende o primeiro intre.

Escritor, conferenciante, editor, arqueólogo, investigador... todos eran Álvarez Blázquez e el foi todo iso e seguramente máis. Xosé María Álvarez Cáccamo, o seu primeiro fillo varón, definiuno estes días nas páxinas de FARO DE VIGO como “un optimista

incombustible, un home cunha capacidade enorme, paciente, humilde e gran conversador”, e o irmán deste, Alfonso, na biografía publicada pola editorial Ir Indo, engadiu as súas diversas facianas a de “galeguista de aceiro e pedra fina”.

Porque, digámolo xa, Xosé María Álvarez Blázquez era galeguista, un galeguista corredor de fondo cuxas conviccións e compromiso de aceiro non foi quen de derreter nin o lume de fogueira da longa noite de pedra dun franquismo que sufriu de preto xa desde os primeiros días do golpe militar fascista: o 17 de agosto de 1936 asasinaron ao seu curmá político Alexandre Bóveda en Pontevedra e o 10 de outubro dese mesmo ano ao seu pai, o médico Darío Álvarez Limeses, en Tui. E, por se fora pouco, entre esas dúas “mortes



Sobre estas liñas, de esquerda a dereita, a familia Álvarez Blázquez: Celso, o pai Darío, Darío (fillo), a nai María, Álvaro, Alfonso, Emilio e Xosé María de pé (ano 1929).



Na foto da esquerda, Xosé María fala con Del Riego en presenza de Xulio Fernández Gayoso (daquela, presidente do Consello de Administración de Caixa Vigo). Sobre estas liñas, de xantar co seu irmán Emilio, e mais con Colmeiro, Del Riego, Celso Emilio Ferreiro e Filgueira Valverde, entre outros (1960)





matadas”, unha terceira, a do seu tío Xosé Álvarez Limeses que, tras asistir aos funerais por Bóveda, e isto escribiuno o propio Xosé María, “meteuse no leito. Non tiña enfermidade física ningunha. Tiña unha inmensa e abafante tristeza. Finou de alí a catro días, sen deixar de chorar”.

Foi Álvarez Blázquez home de precoz vocación literaria, feito que indubidablemente se atribúe ao seu nacemento no seo dunha familia “de letras”, quer que pola banda do seu avó, Emilio Álvarez Giménez, quer que pola do seu tío, Xerardo Álvarez Limeses, quer tamén que pola do seu pai, “de áxil e valente pluma nas tarefas xornalísticas”, ou quer mesmo que polo “labor amoroso” da súa nai, María Álvarez Ballester, de quen Alfonso Álvarez Cáceamo conta que era “capaz de dedicar-lles horas aos pequenos despois das duras e longas tarefas do fogar, narrándolles, como pan de cada día, contos e historias da súa nenez vividas nas plantacións dos seus avós na lonxana Cuba”.

Xosé María viviu a súa nenez e mocidade en Tui, vila que só deixaba durante os veráns para trasladarse a Baión (Vilanova de Arousa) e xuntarse con gran parte da familia Álvarez, nomeadamente cos seus irmáns Xerardo, Xosé e Carme. Sospeita Alfonso que a vocación poética do seu pai debeu nacer precisamente en Baión: “Pode ser —escribe Álvarez Cáceamo— que este fose o tempo no que principiasen a rebulir pola súa cabeza os seus primeiros poemas, xa que sendo case un neno, aos dezasete anos (no curso de ingreso na carreira de Maxisterio), publica o seu primeiro libro de poemas en castelán, titulado *Abril*”.

GALEGUISMO

En 1931 comeza a estudar Maxisterio en Pontevedra e alí estréitase aínda máis a súa amizade con Alexandre Bóveda (que casou con Amalia, filla do seu tío Xerardo). Dous anos despois ingresa na Federación de Mocidades Galeguistas e destápase como un dinámico activista cultural que participa, entre outros eventos, na or-



Sobre estas liñas, de paseo por Vigo con Camilo José Cela e Celso Emilio Ferreiro (1959). Á esquerda, dúas imaxes coa súa dona e a primoxénita María Luisa Álvarez Cáceamo. Abaixo, de esquerda a dereita, Eliseo Alonso, Antonio Fernández, Xosé María Álvarez Blázquez e Pedro Díaz (Goíán, 1950)



O seu fillo Alfonso defíneo como “galeguista de aceiro e pedra fina”

ganización da visita á cidade do Lérez do poeta Federico García Lorca de quen, recorda Alfonso, “gardou para sempre coma un tesouro o exemplar da primeira edición do *Romancero Gitano* dedicado polo autor *al joven poeta Xosé María Álvarez Blázquez*”.

No ano 1934 acaba a carreira de Maxisterio e dous anos despois afíliase ao Partido Galeguista, decisión que lle habería de custar cara porque, malia ter gañada praza como mestre na escola de Coia (Vigo), foi destinado a un pobo de Zamora,

Coreses, un arrepiante desterro que, lonxe do facer flaquear nas súas ideas, fíxoo reaccionar deste xeito: “Tocante ao desterro, lembro o que dicía o meu curmán Emilio Álvarez Gallego: foi a medida máis axeitada para que acabáramos de comprender por que tiñamos que ser galeguistas”. De 1936 data o seu libro de contos, “Os Ruíns”, que ía a ser publicado por Edicións Nós, pero cuxa saída do prelo truncou a guerra que fixo desaparecer á editorial e ao seu director, Ánxel Casal, fusilado polos franquistas: outra morte máis na





À esquerda, imaxes da infancia (Tui) e mocidade (Pontevedra). Arriba, de esquerda a dereita, Xosé María, Ramón Piñeiro, Cunqueiro, García Sabell, Ánxel Fole, Del Riego e Otero Pedrayo.



traxectoria vital de Álvarez Blázquez que, por se fora pouco, perdeu a obra por non ter gardada ningunha copia do orixinal.

Álvarez Blázquez, que se librou do servizo militar por padecer miopia, pasou a guerra civil no Hospital Militar de San Caetano en Compostela, e alí, aínda que non estaba “previsto”, chegou a exercer ata de enfermeiro, tarefa que aprendera na consulta do su pai, ao que máis unha vez lle botara unha man, e habelencia da que sempre presumiu, segundo o seu fillo Alfonso. Rematada a guerra, procedeu a tomar posesión da súa praza de mestre en Coreses mentres, en Tui, a súa familia sofía as consecuencias da represión sobre os republicáns. En 1942, trala morte do seu irmán Darío, pide a excedencia para regresar a Galicia e reunirse cos seus: non volvería a exercer a docencia ata 1968, cando tiña xa 53 anos.

Tentou primeiro Álvarez Blázquez probar sorte no mundo da empresa ao abrir, xunto cos seus irmáns, unha fábrica de ladrillos e tellas en Nigrán, iniciativa fallida que cáseque lle custa a ruína total pero que, a fin de contas, propiciou que se instalase definitivamente en Vigo, empregado como secretario na Confraría de Pescadores. Velaí cómo estoupou o seu amor por esta cidade que tan ben o acolleu e na que *instalou* tamén a base do seu labor cultural ata a súa morte. En Vigo coñeceu á que sería sua dona, María Luisa Cáccamo Frieben, daquela empregada na oficina do Banco Pastor; aquí naceron os seus fillos – María Luisa, Xosé

Sentiu por
Bóveda
amizade e
admiración ao
tempo;
Alexandre
casou coa súa
curmá Amalia

María, Alfonso, Berta e Celso– e aquí non tardaría en contactar co tecido cultural “supervivinte” que xermolou arredor do lexendario café “Derby” no que adoitaban reunirse en tertulia, naquel ambiente de metáfora dun paraugas contra a choiva da sinistra sombra da ditadura, xentes como Carlos Maside, Valentín Paz Andrade, La-



A derradeira fotografía, con María Luisa e algúns netos, en febreiro de 1985.

No ano 2000, en conmemoración do cen aniversario da publicación de “Humildes”, primeiro libro poético de Emilio Álvarez Giménez, iniciador da “vizosa liñaxe” dos Álvarez, Edicións Xerais tiraba do prelo un libro probablemente único na súa tipoloxía: titulábase (e titúlase) “Escolma de familia” e, con portada ilustrada por Berta Cáccamo, reúne una selección de poemas do xa citado Emilio Álvarez Giménez, do seu fillo Xerardo Álvarez Limeses, dos seus netos Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez e Emilio Álvarez Negreira e dos seus bisnetos Xosé María, Alfonso e Celso Álvarez Cáccamo. Tres xeracións dos Álvarez poetas representadas neste volume singular que, se botamos contas, debeuse empezar a fraguar en realidade en 1857, cando Emilio Álvarez Giménez chegou a Pontevedra, procedente de Puebla de Sanabria, como profesor substituto de “Clásicos latinos y castellanos”, e que, en 1871, casou con Amalia Limeses García sin sospeitar que, tal que suliña Emilio Rodríguez Baixeras no limiar, “había de instaurar unha longa e prolífica descendencia de escritores e, en xeral, de persoas comprometidas coa entidade e cultura de Galiza”.

Saga de poetas

Tal vez non fose a poesía o terreo no que Xosé María Álvarez destacase máis. Nembargantes, Rodríguez Baixeras acha inegábeis cualidades na lírica do cronista vigués e sinala, nomeadamente, o “cambio de rumbo que supuxo o seu libro de poemas *Canle segredo*, que malia ser publicado no 1976, é moi anterior, pois gañou o premio Ponal de Bos Aires en 1954, e por tanto habería que consideralo

precursor da estética realista”.

Á hora de buscar rasgos comúns entre as poesías dos Álvarez, Baixeras atopa certos puntos coincidentes que van dende a “unha acusada presenza natural”, o “espírito de solidariedade”, o humor e, tamén, a ampla cabida que os Álvarez dan ao mundo familiar. “A experiencia común da adversidade –advirte– contribuíu, sen dúbida, a afortalar este sentimento, xa de por si moi arraigado, que logo foi transmitido á última xeración” (Véxase a do triángulo que conforman Xosé María, Alfonso e Celso, polo demáis autores que teñen demostrado solvencia e voz propia non só nos eidos da lírica senón tamén da narrativa galega contemporánea).

xeiro, os irmáns Fernández del Riego ou mesmo Álvaro Cunqueiro.

Outras ocasións, outros espazos, outras páxinas e moitos meses por diante haberá aínda para describir pormenorizadamente todo o labor ao que deu pulo ao longo da súa vida Xosé María Álvarez

Blázquez a prol do desenvolvemento da lingua e da cultura de Galicia seguindo sempre o seu lema de “Había tanto que facer...” que deixou escrito este home tan irrepitíbel como incansábel, este axente cultural que foi escritor de poesía, novela e teatro, que investigou a literatura galega

do pasado, o folklore e até a prehistoria arqueolóxica do seu Vigo, que fundou editoriais e que, ao cabo, como moi ben se suliña na contraportada súa, de momento, única biografía “fixo máis do que podía”. Mais o caso foi que Xosé María Álvarez Blázquez quixo e puido.